O PARLAMENTO DE GALICIA EXPRESA A SÚA REPULSA CONTRA O ATENTADO DE ARRIGORRIAGA E REITERA A SÚA PLENA CONFIANZA NO ESTADO DE DEREITO

Santiago, 19 de xuño de 2009.- O Parlamento de Galicia expresa a súa máis absoluta repulsa contra o atentado que esta mañá custou a vida a un inspector de Policía en Arrigorriaga e reitera a súa plena confianza nos mecanismos do Estado de Dereito como única vía para rematar coa barbarie terrorista.

O Parlamento de Galicia expresa tamén a súa solidariedade cos diferentes corpos e forzas de seguridade, un de cuios integrantes foi asasinado esta mañá.

Simultaneamente, o Parlamento de Galicia anima ao conxunto dos cidadáns galegos a participar activamente nas concentracións de repulsa convocadas para expresar o rexeitamento dos cidadáns de ben contra a barbarie terrorista.

A presidenta do Parlamento de Galicia, Pilar Rojo, facéndose eco do sentir unánime da Cámara, telefoneou á presidenta do Parlamento Vasco, Arantza Quiroga, para trasladarlle as condolencias dos 75 deputados autonómicos galegos.

Esta declaración foi consensuada cos tres grupos políticos representados no Parlamento de Galicia.

SAÚDOS, GABINETE DE COMUNICACIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Departamento de Prensa: Gabinete da Presidencia do Parlamento de Galicia
Tel. 981 551 329 – Fax.: 981 551 400; e-mail: carlos.varela.castineiras@parlamentodegalicia.es